

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 10 DE MAIO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 10 de maio de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 5 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

#### **a) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que o 29 de abril de 2021, en cumprimento do acordado na sesión da mesma data, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 5 de maio de 2021 a enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 1 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

**9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)**

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 5 de maio de 2021 de valoración do sobre C "Proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento o 5 de maio de 2021 de valoración do sobre C "Proposición avaliábeis mediante fórmula" coa proposta de clasificación.

A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e propoñer a exclusión deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. e SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por conter as súas ofertas valores anormais sen que tiveran presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido (artigo 149 da LCSP).

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluír deste procedemento a ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

consonte o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 5 de maio de 2021.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto, de servizos e obra, para a contratación do mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo (641-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,81
2	UTE MANTEN, S.L. e ACEINSA MOBILIDAD, S.A.	91,93
3	UTE CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) e ORECO, S.A.U.	88,20
4	S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACION (GESECO)	86,10
5	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	85,86
6	UTE ACCIONA e OBRAS, PAVIMENTOS, E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	85,78
7	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e VÁZQUEZ Y REINO, S.L.	83,08
8	UTE MANTENIMIENTO DE INFRAESTRUCTURAS, S.A. e CONSTRUCCIONES FECHI	82,19
9	API MOVILIDAD, S.A.	80,17

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U. (B-36.684.157), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que tivesen presentado xustificación ningunha en prazo:

1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.



## 2. SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na subida a Relfas – Sárdoma" (654-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	92,44
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,31
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,01
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,16
5	DESMACO, S.L.	81,11

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

### 11.- Propostas de adxudicación

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumeado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumeado do terreo de xogo do



campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 19 de febreiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de "RENOVACIÓN INTEGRAL DO CÉSPEDE DE HERBA NATURAL E DA INSTALACIÓN DO ALUMEADO DO TERREO DE XOGO DO CAMPO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE O VAO-CORUXO", redactado por D. Julio Calderón Carrero, Enxeñeiro Forestal, por D. Álvaro Calderón Carrero, Enxeñeiro Industrial e polo Enxeñeiro Civil de Obras Públicas D. David Meijide Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de 642.434,46 €.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 27/01/2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL CATROCIENTOS TRINTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (642.434,46 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 111.496,89 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.632.00.61 (Mellora Césped e iluminación C.Fútbol Vao), segundo a distribución de anualidades proposta.*

2021	642,434.46 €
TOTAL	642,434.46 €

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumeado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441) na seguinte orde descendente:*

<b>Orde</b>	<b>Licitadores</b>	<b>Puntuación total</b>
1	CALFENSA PROYECTOS S.L.	95.86
2	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS S.A.- XESTIÓN	91.86



Orde	Licitadores	Puntuación total
	AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90.56
4	ARCE JARDINERÍA, S.L.	81.33

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CALFENSA PROYECTOS S.L. (B-27.182.682), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CALFENSA PROYECTOS S.L., o día 30 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 6 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 10 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CALFENSA PROYECTOS S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CALFENSA PROYECTOS S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 e 16 de abril, e 26 de abril de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CALFENSA PROYECTOS S.L. (B-27.182.682) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Renovación integral do céspede de herba natural e da instalación do alumado do terreo de xogo do campo municipal de fútbol do Vao-Coruxo" (698-441) por un prezo total de 561.833,25 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 97.508,25 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) (lote 2)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar no lote 2 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 28 de xaneiro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do subministro de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral de data 22 de xaneiro de 2021.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de prevención de riscos laborais de data 8 de xaneiro de 2021..

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de DOUSCENTOS NOVE MIL NOVECIENTOS VINTE E SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (209.920,62 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 27.173,46 euros, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- Lote 1 Material de protección individual e sanitario de uso xeral: máscaras hixiénicas desbotábeis, máscaras PS e EPI protección das mans (luvas desbotables): SESENTA E TRES MIL SETECENTOS NOVENTA E CATRO E SETENTA E SETE CÉNTIMOS (63.794,77 €), cun IVE de 6.335,44 €.
- Lote 2: Material de protección individual:EPI Protección das vías respiratorias (máscaras) e EPI, protección dos ollos (pantallas): SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS E NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (67.262,95 €), cun IVE de 8.911,20 €.
- Lote 3: Material de hixiene e desinfección: xel desinfectante de base hidroalcohólica e toallitas desbotables impregnadas con solución desinfectante: SETENTA E OITO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS E NOVENTA CÉNTIMOS (78.862,90 €) cun IVE de 11.926,82€.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes partidas orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Exercicio	Importe
Policía Local	1320.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	58.202,84 €
Seguridade e mobilidade	1330.2219902 e a súa bolsa de vinculación	2021	9.585,52 €
Extinción de incendios (SEIS)	1360.2219901	2021	6.983,22 €
Vías e Obras	1532.2219902 e a súa bolsa de vinculación	2021	13.009 €
Ceminterios	1640.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	2.930,7 €
Parques e Xardíns	1710.2219902	2021	5.509,11 €
Emprego	2410.2219901	2021	12.505,4€







Servizo	Aplicación orzamentaria	Exercicio	Importe
B. Social	2310.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	9.601€
Museos	3330.2219901	2021	2.000,7€
Cultura	3340.2219901	2021	1.856,09€
P. Histórico	3360.2219901	2021	597,51€
Deportes	3410.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	2.377€
Deportes IMD	3420.2219901	2021	10.000€
Educación	3230.2219901	2021	6.648,7 €
Organos de goberno	9120.2219901	2021	4.811,21 €
Administración Xeral para o resto dos servizos internos	9200.2219903 e a súa bolsa de vinculación	2021	62.204,62
Voluntariado	9251.2219900	2021	1.098 €
<b>TOTAL</b>			<b>209.920,62 euros</b>

Quinto.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente*”.

Na sesión do 8 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno local acordou:

“1º.- *Rectificar o apartado 3 “NÚMERO DE UNIDADES ESTIMADAS” do prego de prescricións técnicas (PPT) que quedará redactado como segue:*

” 3ª. *Número de unidades estimadas.*

*O número de unidades é estimativo, o total do material incluído no obxecto do contrato non se pode definir con exactitude por estar subordinado ás necesidades periódicas, de xeito que cabe a posibilidade de esgotalo ou non na súa totalidade, en razón das necesidades do servizo, sen dereito ningún do adxudicatario en caso de incremento, redución ou supresión das unidades previstas, a reclamar ningunha indemnización ou variar o prezo.*

Cantidades previstas	Materiais	Presentación específica
269.605 unidades	Máscara hixiénica desbotable	Non
123.354 unidades	Máscara PS	Non
66.661 unidades	EPI Protección das vías respiratorias	Non
98.335 unidades(tallas XL, L e M)	EPI Protección das mans: luvas desbotables de nitrilo	Non



1.000 unidades (tallas XL, L e M)	EPI Protección das mans: luvas desbotables de Latex	Non
131 unidades	EPI Protección dos ollos.	Non
1.934.304 ml	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en dispensadores sobremesa	Dispensadores sobremesa (capacidade 500 ml. ou inferior)
100.000 ml	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en dispensadores sobremesa	Dispensadores (capacidade 1L)
33.542 ml	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en dispensadores individuais	Formato individual uso a demanda (capacidade 100 ml. ou inferior)
1.273 litros	Xel desinfectante de base hidroalcohólica e actividade virucida fronte a SARS-CoV-2 presentado en envases de 5L	Envases de 5 Litros
228.823 unidades	Toallíñas desbotables impregnadas con solución desinfectante con actividade virucida fronte ao SARS-CoV-2 de uso autorizado para limpeza de superficies e equipos de traballo para público xeral	Envases de 50 ou inferior

2º.- Rectificar o apartado 3.G do Anexo I- FEC do PCAP (PREZOS UNITARIOS (sen IVE) que quedará redactado como segue:

LOTE	TIPO MATERIAL	PREZO UNITARIO SEN IVE
Lote 1	Máscara hixiénica	0,12 €/unidade
	Máscara PS	0,16 €/unidade
	luvas desbotables nitrilo	0,054 €/unidade





	<i>luvas desbotables latex</i>	<i>0,06 €/unidade</i>
Lote 2	<i>EPI Protección das vías respiratorias</i>	<i>0,85€/unidade</i>
	<i>EPI Protección dos ollos: pantallas</i>	<i>12,90 €/unidade</i>
Lote 3	<i>Xel desinfectante sobremesa</i>	<i>0,015 €/mililitro</i>
	<i>Xel desinfectante 1 Litro</i>	<i>0,015 €/mililitro</i>
	<i>Xel desinfectante envases de 5 L</i>	<i>4,40 €/litro</i>
	<i>Xel desinfectante individuais</i>	<i>0,032 €/mililitro</i>
	<i>Toallíñas desbotables</i>	<i>0,13 €/unidade</i>

3º.- Ampliar o prazo de presentación de ofertas polo tempo transcorrido entre a data do inicio do prazo de presentación de ofertas e a data deste acordo.

4º.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público e, no suposto de que se tivera presentado algunha oferta requirirase aos licitadores para que manifesten se manteñen a oferta presentada ou a retiran para presentar unha nova”.

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 8 de abril de 2021, dos licitadores que deseguido se relacionan porque as mostras por eles presentadas non se axustan ao disposto no prego de prescricións técnicas e/ou por non presentar a documentación informativa (motivo de exclusión previsto no apartado 6C do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares):*

1. *ALC SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. (lote 3)*
2. *ASESORAMIENTO PROFESIONAL EN CELULOSAS Y QUÍMICOS, S.L. (lotes 1,2 e 3)*
3. *CLICK COIN, S.L. (lote 2)*
4. *COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L. (lote 2)*
5. *DARLIM, S.L.U. (lote 2)*
6. *GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (lote 1)*
7. *IMASDEAS INNOVACIÓN CULTURAL Y DESARROLLO TURÍSTICO S.L.U. (lote 3)*
8. *IRAGO, S.A. (lote 1)*
9. *MAPE ASESORES, S.A. (lotes 2 e 3)*
10. *OFIPAPEL CENTER, S.L. (lotes 2 e 3)*
11. *PAPEL AUTOMATIC S.A. (lote 3)*
12. *PAZ DISMAC, S.L. (lote 2)*
13. *PRODUCTOS MÉDICOS HOSPITALARIOS, S.L. (lote 3)*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

14. QUÍMICA FÁCIL, S.L. (lote 3)  
 15. TIENDAS MARPI, S.L. (lote 3)  
 16. TORROVAL Y LÓPEZ SERVICIOS PROFESIONALES, S.L. (lote 2)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	TESIS GALICIA, S.L.	100,00 puntos
2	DARLIM, S.L.U.	96,38 puntos*
2	IRAGO, S.A.	96,38 puntos*
3	COMERCIAL HOSPITALARIA GRUPO 3, S.L.	93,62 puntos
4	GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.	70,68 puntos
5	MAFLOW SPAIN AUTOMOTIVE, S.L.	70,65 puntos

\* DARLIM, S.L.U. e IRAGO, S.A. empatados en segundo lugar.

O desempate realizarase no suposto de que non proceda adxudicar o contrato ao primeiro clasificado e de conformidade cos criterios previstos na cláusula 16.5 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, TESIS GALICIA, S.L. (B-36.237.477), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) na seguinte orde descendente:

Lote 1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	MAPE ASESORES, S.A.	100,00 puntos
2	PAZ DISMAC, S.L.	70,97 puntos

## Lote 2

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L.	100,00 puntos
2	CELTA INGENIEROS S.L.	79,11 puntos
3	IRAGO, S.A.	46,54 puntos

*Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1 e 2, MAPE ASESORES, S.A. (A-36.326.619) (lote 1) e GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (B-88.630.728) (lote 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 2, GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L., o 26 de abril de 2021. O citado licitador presentou a documentación requirida o 7 de maio, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 10 de maio de 2021 revisou a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar no lote 2, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar no lote 2, GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este



contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. no lote 2, de acordo co informe do Sobre D "Mostras" de data 5 de abril de 2021 e co informe de valoración do Sobre C "Proposicións avaliáveis a través de fórmula", de data 20 de abril de 2021.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a GAMMA SOLUTIONS HEALTH, S.L. (B-88.630.728) o lote 2 do procedemento aberto para a contratación da subministración de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo (6.527-241) por un prezo total de 67.262,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 8.911,20 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 66,35% a aplicar aos prezos unitarios relacionados para este lote no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".*

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)**

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con e.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 18 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para contratar a execución do proxecto de "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RUA URZAIZ", redactado polos Arquitectos Salvador Fraga Rivas, Manuel Portoles Sanjuán e Fco. Javier Garcia-Quijada Romero e por conseguinte aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación urxente.*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación de data 17.03.2021.*

*Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de "CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA E DOUS CÉNTIMOS CÉNTIMOS" (424.248,52 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 73.629,91 €.*

*Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1539.609.00.63 "Vigo Vertical, Ascensor Urzaiz Vialia", segundo a distribución de anualidades proposta.*

2021	424,248.52 €
------	--------------

*Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de abril de 2021 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441) na seguinte orde descendente:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Orde	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	95.22
2	ORECO, S.A.U.	61.58

**Segundo.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 30 de abril de 2021, que presenta a documentación requirida o 7 de maio de 2021, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 10 de maio de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 15 de abril e 23 e 26 de abril de 2021, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Instalación dun ascensor entre a praza da Estación e a rúa Urzaiz" (774-441) por un prezo total de 386.914,65 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 67.150,48 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 04:08	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AFA34F-CEDB3C-362BAE-VDF6KE-XS226Y-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		